



28 de xuño de 2016: STEG contra a LGTBIfobia

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza

28 de xuño: Día do Orgullo de Lesbianas, Gais, Transexuais, Bisexuais e Intersexuais

A historia fainos observar que os cambios legislativos ou o recoñecemento xurídico non son dabondo para conseguir un cambio real no camiño cara á igualdade.

Os avances non se acadaron con cambios legislativos, pois continúan prevalecendo aínda hoxe moitos costumes homófobos e actitudes machistas.

Do mesmo xeito, a aceptación social da diversidade sexual e a igualdade de trato entre persoas con diferentes orientacións sexuais non se logrou cos avances legislativos na equiparación de dereitos. Ao cambio legislativo pertinente teno que acompañar un cambio de valoracións e de actitudes para o que, por suposto, é fundamental o papel da educación.

Se o obxectivo principal desta, como cremos, é axudar e permitir a cada persoa realizarse segundo o seu potencial singular, é preciso nomear e amosar outras posibilidades humanas que vaian máis aló dos modelos e estereotipos que ofrecen e reproducen os medios de comunicación e as ideoloxías retrógradas e conservadoras, abrindo portas á aceptación e respecto á diversidade. Neste senso, parécenos imprescindible o traballo na aula sobre a diversidade sexual, os diferentes modelos de familia, os distintos modos de expresar o xénero, novas masculinidades e novas formas de entender e expresar a feminidade, así como unha valoración da diferenza e da singularidade humana, favorecendo a diminución da discriminación por razón sexista e homófoba.

Promover un crecemento humano en todas as súas potencialidades só é posíbel en ambientes igualitarios onde haxa un absoluto respecto á dignidade humana e á diversidade, onde cada calidade humana se teña en conta sen estigmatizacións nin dolorosos rexeitamentos.

Os centros educativos, as aulas, teñen o reto de se transformar nestes espazos inclusivos da diversidade. Alén das políticas educativas, que por suposto deben seren inclusivas e igualitarias, xerar contextos seguros e inclusivos para a totalidade do alumnado no sistema educativo é responsabilidade de todas as persoas que formamos parte da comunidade educativa.

Como é obvio, a detección da homofobia e doutras formas de exclusión así como a intervención para paliar depende en gran medida da formación e dos recursos do profesorado. Moitas veces só podemos percibir os conflitos na aula desde os nosos propios prexuízos (moitos ou poucos) e certo descoñecemento. Aprender a ver, a detectar, na aula e en nós mesmos, e a intervir con diferentes prácticas esixe unha formación permanente do profesorado, que vai máis aló de coñecer técnicas pedagóxicas. Unha formación do profesorado, menos técnica e máis humanista, centrada no desenvolvemento humano do profesorado e en descubrir a necesidade de poñerse ao servizo do crecemento humano do alumnado, máis aló dos contidos da súa materia.

Dende o STEG reivindicamos non só a celebración desta xornada, fundamental para a visibilización deste colectivo, senón o papel activo que cada persoa e organismo, na medida das súas responsabilidades e das súas funcións, debe xogar para a súa plena inclusión e non discriminación, contribuindo a un ensino público de calidade e a unha sociedade máis tolerante mellor.